CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE XULLO DE 2026**

En Laxe, sendo as 20:00 horas do 30 de xullo de 2026, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Don Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Don Fernando del Moral Regaldíe, concelleiro non adscrito.

A continuación analízanse os puntos incluídos na Orde do Día:

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**1. APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS: 28/05/2026 E 15/07/2026. EXPTE. NÚM. 2026/G006/000020.**

Dase conta dos borradores das actas da sesión anteriores de data 28/05/2026 e 15/07/2026 para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Advertido o erro no apartado 11 da sesión ordinaria do 28/05/2026, xa que figura:
*11.DACIÓN CONTA DA EXECUCIÓN PRESUPUESTARIA DO 1º TRIMESTRE DE 2026. EXPTE. NÚM. 2026/X998/000084.*
Debe figurar:
*11. DACIÓN CONTA DO PMP do 1º TRIMESTRE DE 2026. EXPTE. NÚM. 2026/X998/000084.*

Non habendo intervencións, sométense a votación os borradores de datas 28/05/2026 e 15/07/2026, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 11 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Quedan por tanto, aprobados os borradores dos plenos de datas 28/05/2026 e 15/07/2026, coa corrección da acta do 28/05/2026.

**2. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚM. 2026/X999/000068 SOBRE CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 13/2026 – REC 9/2026.**

Dase conta da seguinte proposta:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**CIF: P1504100G**
**DIR3: L01150406**

*"PROPOSTA SOBRE A CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 9/2026 – REC 9/2026 E PAGO DE FACTURAS.*
*EXP. Nº: 2026/X999/000068*

*Sométese a aprobación do Pleno da Corporación as facturas pola prestación do servizo de axuda no fogar, polas modalidades de dependencia e libre concurrencia, correspondente aos meses de abril e maio de 2026, presentadas pola empresa prestadora do servizo Senes Cit S.L.*

| Nº de Entrada | Fecha | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Situación | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Aplic. | Fecha Conformidad |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/379 | 26/05/2026 | 01 606 | 26/05/2026 | 3932,43 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. ABRIL 2026 | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD | 15/06/2026 |
| F/ 2026/380 | 26/05/2026 | 01 605 | 26/05/2026 | 30955,8 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. ABRIL 2026 | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD | 15/06/2026 |
| F/ 2026/416 | 10/06/2026 | 01 618 | 10/06/2026 | 4264,91 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. MAIO 2026 | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD | 15/06/2026 |
| F/ 2026/417 | 10/06/2026 | 01 617 | 10/06/2026 | 32915,05 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. MAIO 2026 | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD | 15/06/2026 |
| TOTAL | | | | 72.068,19 | | | | | | |

*O servizo de axuda no fogar é un servizo municipal integral, polivalente e comunitario, orientado a unidades familiares que presentan dificultades para a realización de actividades elementais da vida diaria, proporcionándolles atención, mediante intervencións específicas que favorezan a súa permanencia e integración no seu entorno habitual, e compensen a súa restrición de autonomía funcional. Estamos, por tanto, ante un servizo esencial que ten unha alta demanda, motivada principalmente polo avellentamento da poboación.*

*Considerando que o actual expediente de contratación coa empresa Senes Cit S.L. excede dos límites do contrato menor, iniciouse o expediente de contratación da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Laxe, número 2025/C004/000002. Por ser un servicio imprescindible para a poboación faise necesario o mantemento do mesmo, sen posibilidade de suspender a súa execución, motivo polo que continúase a prestación pola empresa SENES CIT S.L. ata a adxudicación do novo contrato actualmente en tramitación.*

*ANTECEDENTES:*

*Proposta de alcaldía de pago de facturas de data 16/07/2026.*

*Solicitude de intervención ao xestor sobre os motivos da omisión da función interventora 20/07/2026.*

*Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas, asinado por esta Alcaldía o día 22/07/2026.*

*Informe de omisión de fiscalización, asinado pola Secretaría-intervención o 22/07/2026, conforme ao art. 28 do RD 424/2017 de 28 de abril.*

*CONSIDERACIÓNS:*

*PRIMEIRA.- Dispón o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril que si o órgano interventor ao coñecer dun expediente obsérvase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, co fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir si continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.*

*Nos casos nos que a omisión da fiscalización previa refírase ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno si continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan.*

*A lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, dispón na súa Disposición Adicional 2ª. Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

*1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido a os recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.*
*2. Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme o apartado anterior. Así mesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei.*
*De conformidade co Informe de intervención de data 22/07/2026 o órgano competente sería o Pleno da Corporación por superar os importes indicados na D.A. 2ª parágrafo 1º da Lei contratos do sector Público.*
*SEGUNDA.- Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuízo aos provedores e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o servizo foi efectivamente prestado, servizo que se considera esencial para a poboación de Laxe.*
*Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado, segundo informe de Alcaldía de data 22/07/2026*
*Por outra banda, de acordo ao previso no artigo 110 da Lei 39/2015, esta alcaldía entende que non procedería instar a revisión de oficio, dado que esta resultaría contraria á equidade, á boa fe, aos dereitos dos particulares ou ás leis.*
*Dacordo cos antecedentes e consideracións indicadas, de conformidad co establecido no artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e facendo uso das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*
*PRIMEIRO.-Convalidar a omisión da función interventora, continuar co procedemento, proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos para imputar ao presuposto gastos derivados de obrigacións indebidamente comprometidas e liquidar as obrigas que seguidamente se relacionan por un importe total de 72.068,19 euros.*

| Nº de Entrada | Fecha | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Situación | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Aplic. | Fecha Conformidad |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2026/379 | 26/05/2026 | 01 606 | 26/05/2026 | 3932,43 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD | 15/06/2026 |
| F/2026/380 | 26/05/2026 | 01 605 | 26/05/2026 | 30955,8 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. ABRIL 2026 | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD | 15/06/2026 |
| F/2026/416 | 10/06/2026 | 01 618 | 10/06/2026 | 4264,91 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. MAIO 2026 | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD | 15/06/2026 |
| F/2026/417 | 10/06/2026 | 01 617 | 10/06/2026 | 32915,05 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. MAIO 2026 | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD | 15/06/2026 |

*SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos; así como ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.*

Intervén o concelleiro do BNG, don Xosé Manuel Pose Lema que da lectura ao seguinte escrito:
*"O PP de Laxe está convertendo en habitual o que debería ser excepcional. Unha vez máis chega ao Pleno un recoñecemento extraxudicial de crédito despois de que a propia Intervención advirta da omisión da función interventora e de que se prescindiu totalmente do procedemento de contratación. Non é un feito illado, senón unha forma de gobernar que se repite pleno tras pleno. Cada vez son máis frecuentes os expedientes nos que a Intervención municipal advirte de*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

*incumprimentos da normativa de contratación. O goberno do PP parece ter asumido como normal regularizar despois gastos que deberían tramitarse correctamente desde o principio. O preocupante xa non é que exista un expediente con omisión da función interventora; o preocupante é que este tipo de expedientes empecen a parecer rutina neste Concello.”*

O concelleiro do PSdeG-PSOE, don Francisco José Vidal Castro e o concelleiro non adscrito, don Fernando del Moral Regaldíe manifestan o seu desacordo coa proposta presentada.

O sr. Alcalde da resposta ao anterior, dando lectura ao seguinte escrito:
*“O PMP estaba o 4 trimestre de 2016 en 404,52 días*
*Pero é que en vez de resolver o problema en 2017 o PMP foi en aumento chegando a 591,38 días.*
*Situación que se repetiu no 4 trimestre de 2017 chegando a 618,66 días, houbo algún período de 849,39 días.*
*E no segundo trimestre de 2019 cando nos chegamos ó poder o PMP seguiu aumentando quedando en 745,39 días.*
*E a ratio de operacións pendentes de pago estaba en 1.501,45 días (esto quere dicir que o tempo medio en que se tardaba en pagar unha factura era de 1.501,45 días -4 anos e 11 días-)*
*Cando o PP chegou ao goberno había problemas con algúns provedores que non querían subministrar ao Concello de Laxe pola fama que se tiña de mal pagador.*
*Esto millorouse con este goberno do Partido Popular que foi quen de reducir este parámetro e situalo como marca a lei en menos de 30 días.*
*Moita da débeda tivo que ser pagada coas axudas da Deputación Provincial, cartos que se poderían destinar a investimentos ou a gasto corrente destes exercizos, como fixeron os concellos saneados, e que en Laxe houbo que destinar a pagar unha débeda resultado dunha pésima xestión por non ter actuado con planificación e responsabilidade.*
*Con fondos da Deputación destinaronse máis de 800.000 euros a pagar débeda e retrasáronse investimentos que agora hai que acometer.*
*Este é o resultado dunha pésima xestión económica do goberno socialista primeiro e do goberno de coalición PSOE-BNG despois, por non ter actuado con planificación e responsabilidade.*
*Parece que xa tiñan olvidado os tempos en que o Concello de Laxe estuvo a piques de ser intervido económicamente non só pola situación económica que atravesaba se non tamén pola pasividade dos seus gobernantes para dar solucións.*
*A partir de 2015 a Deputación habilitou uns Plans para a reducción da débeda dos concellos. O obxectivo era a amortización de préstamos bancarios. En principio, según se dicía verbalmente en Deputación, nunca se ía a devolver esta débeda, pero chegou o momento de devolvela, e esta devolución faise a conta do POS de cada exercizo.*
*Unha vez máis é o goberno do PP e os veciños de Laxe os que teñen que asumir esta mala xestión do bipartido PSOE - BNG, pois cada ano detráese do POS unha cantidade para a amortización desta débeda, dos anos 2015 a 2019.*
*Por exemplo este ano nos quitaron do POS a cantidade de 67.396,38 € para disminuir esta débeda.*
*Polo contrario, o goberno de PP e, eu como alcalde, temos o orgullo de xestionar un Concello que nestes momentos está saneado aumentando os servizos e mellorando e que se está a recuperar moi lentamente da etapa nefasta de goberno socialista e do goberno de coalición PSOE – BNG,nos deixaron.*
*Non hai alcalde, nin concello da volta que non levante reparos xa que hoxe en día a tramitación é mais complexa.*

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo),
**VOTOS EN CONTRA:** 5 [3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

**PRIMEIRO.-** Convalidar a omisión da función interventora, continuar co procedemento, proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos para imputar ao presuposto gastos derivados de obrigacións indebidamente comprometidas  e liquidar as obrigas que seguidamente se relacionan por un importe total de 72.068,19 euros.

| Nº de Entrada | Fecha | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Situación | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Aplic. | Fecha Conformidad |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2026/379 | 26/05/2026 | 01 606 | 26/05/2026 | 3932,43 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD | 15/06/2026 |
| F/2026/380 | 26/05/2026 | 01 605 | 26/05/2026 | 30955,8 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. ABRIL 2026 | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD | 15/06/2026 |
| F/2026/416 | 10/06/2026 | 01 618 | 10/06/2026 | 4264,91 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. MAIO 2026 | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD | 15/06/2026 |
| F/2026/417 | 10/06/2026 | 01 617 | 10/06/2026 | 32915,05 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. MAIO 2026 | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD | 15/06/2026 |

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos; así como ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

**3. APROBACIÓN DO DESLINDE ADMINISTRATIVO DA FINCA ARENAL (CAMPO DO ESCARAVELLO). EXPTE. NÚM. 2025/X999/000039.**

Dase conta da seguinte proposta:

*"Asunto: Deslinde administrativo finca arenal (campo Escaravello)*
*Nº Expediente: 2025/X999/000039*
*Documento: Proposta alcaldía*

*ANTECENDENTES DE FEITO*
*PRIMEIRO.- Que este Concello é titular do seguinte ben:*
*Finca de propiedadE municipal que, no libro de Inventario de bens deste Concello, figura co nºINM40027, e con carácter de patrimonial, coas seguintes características:*

| | |
|---|---|
| *Referencia catastral* | *0148510MH9894N0001EQ* |
| *Nome* | *Montillóns finca urbana 5562* |
| *Localización* | *Rúa Avenida de Cesáreo Pondal, térmo municipal de Laxe, A Coruña.* |
| *Natureza do inmoble* | *Urbana* |
| *Superficie* | *2800 m2* |
| *Natureza do dominio* | *Patrimonial* |
| *Data de adquisición* | *24/10/1995* |
| *Lindeiros* | *N: mais terreo municipal destinado a vial, S: Avenida de Cesáreo Pondal, E: Terrenos da empresa Kaolines de Lage, S.L., O: Vial que baixa á Praia.* |
| *Rexistro da propiedade* | *Tomo 1004; Libro 60; Folio 154; Finca 5562 Inscripción 2.* |
| *Destino do ben* | *Solar* |

*SEGUNDO.- Que existe controversia cos propietarios da seguinte finca colindante:*

| | |
|---|---|
| *Referencia catastral* | *0148501NH0804N0000JU/ 01485001NH0804N0001KI* |
| *Localización* | *Avenida Cesáreo Pondal 2 Polígono 504* |
| *Clase:* | *Rústico* |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

| | |
|---|---|
| *Superficie:* | *32.863 m2* |

*TERCEIRO.- Que se emitiu informe técnico de identificación e deslinde "Montillones", redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Javier Sánchez Seijo, colexiado 1292 de A Coruña, baixo o encargo desta Administración por Decreto de Alcaldía de data 04/07/2025. No dito informe consta proposta técnica da liña de validación de lindeiros da propiedade municipal.*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*Artigos 384 a 388 do código civil que recoñecen o dereito de todo propietario a deslindar as súas propiedades.*

*Artigos 4 e 50 da ley 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administración Publicas, que atribúen as entidades Locais a potestade de deslindar os bens do seu patrimonio mediante procedemento administrativo.*

*Artigos 53 a 60 do Regulamento de bens das Entidades Locais, que regulan o procedemento formal de deslinde, a necesidade de notificación aos interesados e o levantamento da Acta de Apeo.*

*En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Ley 7/1985, de 2 de abril Reguladoras das Bases de Réxime Local, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO: Iniciar o expediente de deslinde administrativo da finca municipal sinalada no antecedente primeiro, tomando como base a proposta da delimitación as seguintes conclusións do informe técnico previo (páxinas 9 e 10) emitido polo enxeñeiro técnico agrícola Javier Sánchez Seijo, colexiado 1292 de A Coruña en data 03/11/2025:*

*"*

- *Las parcelas segregadas identificadas como A y B, sufrieron a lo largo del tiempo modificaciones y en la actualidad se encuentran con un uso diferente al original.*
- *Las distancias definidas en la "Escritura de división material y donación", otorgada por Don Antonio Izquierdo Esparza a favor del Ayuntamiento de Laxe, definen con bastante precisión la realidad actual de la Parcela C, procedente de la división de la finca "Montillones", esta se encuentra situada al Este de la Rúa Atalaya, por el Norte linda con el muro que delimita la casa de José Rodríguez Labrador y por el Sur con la Avda. Cesareo Pondal*
- *En el deslinde realizado en fecha de 2 de abril de 1980, entre Don Jaime Valdes Parga y Don José Luis Castro García de la Barrera; refleja tres acotaciones a elementos fijos, para señalar el vértice Sur-Oeste estas acotaciones no son coincidentes y por lo tanto no definen un vértice, lo que si determinan claramente es que el vértice Noreste de la parcela C se encuentra definido por la esquina de las antiguas Casitas de La Mina. Lo cual coincide con lo descrito en la "Escritura de división material y donación". Se adjunta plano solape de las acotaciones definidas en los dos títulos con el Levantamiento topográfico (Plano nº3). En el cual podemos apreciar que la acotación de 56,80 m. colindancia de la parcela C con la Avda. Cesareo Pondal ("Escritura de división material y donación") es coincidente con el cauce del Rio Fenllido, por lo que consideramos que ese punto es el vértice Sureste de la parcela C, ya que en la escritura de deslinde se señala la tajea del Rio Fenllido como vértice y se define el linde como una línea recta desde la esquina de las casitas de la mina hasta la tajea del Rio Fenllido, antes de ser movido de su cauce.*
- *La parcela C, en la actualidad presenta una colindancia con la Avda. Cesáreo Pondal de 52,45 metros, desde la Rúa Atalaya, en títulos tenía 56,80 metros. Con una superficie en la actualidad de 2.959 m$^2$, en títulos 3.698 m$^2$, esta diferencia probablemente se debe a la construcción de la acera y la Rúa Atalaya, que ocupó parte de la finca original. Se adjunta plano de la Parcela C sobre la parcelación catastral, con acotaciones y coordenadas. Plano nº 4"*

*SEGUNDO: Aprobar o orzamento de gastos do deslinde e notificar ao propietario promotor aos efectos de recabar a súa conformidade expresa co mesmo.*

*TERCEIRO: Fixar o día 17/11/2026, ás 12:00 h para o inicio das operación materiais de deslinde sobre o terreo e posterior levantamento de Acta de Apeo, sempre que houberan transcorrido o prazo de 60 días dende a publicación do anuncio de deslinde no BOP.*

*CUARTO: Notificar o presente acordo aos propietarios das fincas colindantes afectadas, así como a calquera outro interesado lexítimo, otorgándolles un prazo de ata 20 días anteriores ao día fixado para o comezo das operacións, para que aporten cantos títulos, documentos ou alegacións estimen pertinentes en defensa dos seus dereitos.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

*QUINTO: Citar formalmente no mesmo acto de notificación aos referidos propietarios colindantes para que asistan, se así o estiman oportuno, ao acto material de deslinde e apeo fixado no apartado segundo do presente acordo.*
*SEXTO: Publicalo anuncio de inicio de este expediente no BOP, así como no taboleiro de anuncios e na sede electrónica deste Concello, con 60 días de antelación á data sinalada para o inicio dos traballo de deslinde.*
*SÉTIMO: Comunicarlle ao Rexistro da Propiedade o inicio do procedemento deslinde aos efectos oportunos."*

Tras breves intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 7 [6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo) e 1 do concelleiro do Grupo Mixto (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 4 [3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja) e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

**PRIMEIRO:** Iniciar o expediente de deslinde administrativo da finca municipal sinalada no antecedente primeiro, tomando como base a proposta da delimitación as seguintes conclusións do informe técnico previo (páxinas 9 e 10) emitido polo enxeñeiro técnico agrícola Javier Sánchez Seijo, colexiado 1292 de A Coruña en data 03/11/2025:

*"*

- *Las parcelas segregadas identificadas como A y B, sufrieron a lo largo del tiempo modificaciones y en la actualidad se encuentran con un uso diferente al original.*
- *Las distancias definidas en la "Escritura de división material y donación", otorgada por Don Antonio Izquierdo Esparza a favor del Ayuntamiento de Laxe, definen con bastante precisión la realidad actual de la Parcela C, procedente de la división de la finca "Montillones", esta se encuentra situada al Este de la Rúa Atalaya, por el Norte linda con el muro que delimita la casa de José Rodríguez Labrador y por el Sur con la Avda. Cesareo Pondal*
- *En el deslinde realizado en fecha de 2 de abril de 1980, entre Don Jaime Valdes Parga y Don José Luis Castro García de la Barrera; refleja tres acotaciones a elementos fijos, para señalar el vértice Sur-Oeste estas acotaciones no son coincidentes y por lo tanto no definen un vértice, lo que si determinan claramente es que el vértice Noreste de la parcela C se encuentra definido por la esquina de las antiguas Casitas de La Mina. Lo cual coincide con lo descrito en la "Escritura de división material y donación". Se adjunta plano solape de las acotaciones definidas en los dos títulos con el Levantamiento topográfico (Plano nº3). En el cual podemos apreciar que la acotación de 56,80 m. colindancia de la parcela C con la Avda. Cesareo Pondal ("Escritura de división material y donación") es coincidente con el cauce del Rio Fenllido, por lo que consideramos que ese punto es el vértice Sureste de la parcela C, ya que en la escritura de deslinde se señala la tajea del Rio Fenllido como vértice y se define el linde como una línea recta desde la esquina de las casitas de la mina hasta la tajea del Rio Fenllido, antes de ser movido de su cauce.*
- *La parcela C, en la actualidad presenta una colindancia con la Avda. Cesáreo Pondal de 52,45 metros, desde la Rúa Atalaya, en títulos tenía 56,80 metros. Con una superficie en la actualidad de 2.959 $m^2$, en títulos 3.698 $m^2$, esta diferencia probablemente se debe a la construcción de la acera y la Rúa Atalaya, que ocupó parte de la finca original. Se adjunta plano de la Parcela C sobre la parcelación catastral, con acotaciones y coordenadas. Plano nº 4"*

**SEGUNDO**: Aprobar o orzamento de gastos do deslinde e notificar ao propietario promotor aos efectos de recabar a súa conformidade expresa co mesmo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

**TERCEIRO:** Fixar o día 17/11/2026, ás 12:00 h para o inicio das operación materiais de deslinde sobre o terreo e posterior levantamento de Acta de Apeo, sempre que houberan transcorrido o prazo de 60 días dende a publicación do anuncio de deslinde no BOP.

**CUARTO**: Notificar o presente acordo aos propietarios das fincas colindantes afectadas, así como a calquera outro interesado lexítimo, otorgándolles un prazo de ata 20 días anteriores ao día fixado para o comezo das operacións, para que aporten cantos títulos, documentos ou alegacións estimen pertinentes en defensa dos seus dereitos.

**QUINTO:** Citar formalmente no mesmo acto de notificación aos referidos propietarios colindantes para que asistan, se así o estiman oportuno, ao acto material de deslinde e apeo fixado no apartado segundo do presente acordo.

**SEXTO:** Publicalo anuncio de inicio de este expediente no BOP, así como no taboleiro de anuncios e na sede electrónica deste Concello, con 60 días de antelación á data sinalada para o inicio dos traballo de deslinde.

**SÉTIMO:** Comunicarlle ao Rexistro da Propiedade o inicio do procedemento deslinde aos efectos oportunos.

**4. APROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DESTE CONCELLO. EXPTE. NÚM. 2025/X999/000020.**

Dase conta da seguinte proposta:

*"Nº EXP.: 2025/X999/000020*
*Asunto: Inventario municipal.*
*Documento: Proposta ao Pleno da Corporación*

*ANTECEDENTES DE FEITO*

*Con data 15 de abril de 2026 recíbese neste concello o inventario municipal elaborada por empresa Estudio Técnico Galego, S.A., adxudicataria do contrato de asistencia técnica licitado por a Deputación da Coruña ao abeiro da terceira anualidade do Proxecto de Elaboración de Actualización dos inventarios de bens e dereitos para as entidades locais da provincia da Coruña.*
*Examinada a documentación comprensiva do Inventario municipal, e sendo esta de conformidade, esta alcaldía considera necesario proceder a aprobación do mesmo.*

*LEXISLACIÓN APLICABLE*

*A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:*
*— Os artigos 17 a 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.*
*— O artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.*
*— O artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Á vista dos anteriores antecedentes, tendo en conta a normativa de aplicación e Informe Xurídico obrante no expediente, considérase que a seguinte proposta se adapta á lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación polo Pleno, conforme ao establecido no artigo 34 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e a estes efectos por alcaldía elévase a seguinte proposta ao Pleno da Corporación,*

*PROPOSTA*

*PRIMEIRO. Aprobar o Inventario de bens e dereitos que corresponden a esta Entidade recepcionado o 15 de abril de 2026 e cuxo resumo por epígrafes é o seguinte:*

| *EPÍGRAFE* | *EUROS (importe adquisición)* |
|---|---|
| *Inmobles* | *16.916.065,86* |
| *Dereitos Reais* | ----------------- |
| *Mobles de carácter histórico-artístico ou de considerable valor económico* | *3.000,00* |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

| | |
|---|---|
| *Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal da corporación* | ------------------ |
| *Vehículos* | *337.300,00* |
| *Semovientes* | ------------------ |
| *Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados* | *263.730,47* |
| *Bens e dereitos reversibles* | ------------------ |
| *TOTAL 17.520.096,33* | |

*SEGUNDO. Remitir copia íntegra do mesmo á Administración da Comunidade Autónoma.*
*No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente.”*

Non habendo intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 11 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

**PRIMEIRO.** Aprobar o Inventario de bens e dereitos que corresponden a esta Entidade recepcionado o 15 de abril de 2026 e cuxo resumo por epígrafes é o seguinte:

| **EPÍGRAFE** | **EUROS** (importe adquisición) |
|---|---|
| Inmobles | 16.916.065,86 |
| Dereitos Reais | ----------------- |
| Mobles de carácter histórico-artístico ou de considerable valor económico | 3.000,00 |
| Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal da corporación | ------------------ |
| Vehículos | 337.300,00 |
| Semovientes | ------------------ |
| Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados | 263.730,47 |
| Bens e dereitos reversibles | ------------------ |
| **TOTAL 17.520.096,33** | |

**SEGUNDO.** Remitir copia íntegra do mesmo á Administración da Comunidade Autónoma.

**5. ADHESIÓN AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. EXPTE. NÚM. 2026/C006/000001.**
Dase conta da seguinte proposta:

*“PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN*
*Asunto: ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA*
*Expte. Núm. 2026/C006/000001*
*PROPOSTA DA ALCALDÍA*
*Visto que a Deputación provincial da Coruña, por acordo plenario de 27 de xuño de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto nos artigos 203 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro. Tras a entrada en vigor da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector*



CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

*Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) As Centrais de Contratación atópanse reguladas nos seus artigos 227 e seguintes.*
*Visto que o Concello de Laxe está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola Deputación provincial da Coruña.*
*En consecuencia, tendo en conta o disposto no Art. 228 da referida Lei e facendo uso das atribucións do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte*
*ACORDO:*
*PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da Deputación provincial da Coruña*
*SEGUNDO.- Aprobar o convenio de adhesión que se transcribe a continuación do presente acordo (ANEXO).*
*TERCEIRO.- Remitir o presente acordo á Deputación provincial da Coruña para os efectos oportunos.*
*CUARTO.- Facultar ao sr. alcalde para que en nome e representación desta Corporación proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo, así como para a adhesión aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións que a central de contratación da Deputación Provincial da Coruña saque a licitación e sexan de interese para este Concello de Laxe.*

*ANEXO*
*CONVENIO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE ---- AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.*
*A Coruña, a -- de -------- do 20--*
*REUNIDOS:*
*Dunha parte D. Valentín González Formoso, na súa calidade de presidente da Excma.Deputación Provincial da Coruña, que actúa en nome e representación desta en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e as facultades outorgadas pola Corporación provincial en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2014, asistido por D. José Luis Almau Supervía, o seu secretario xeral, en exercicio das funcións de fe pública administrativa que lle atribúe a lexislación vixente.*
*Doutra parte D. ---------, alcalde-presidente do Concello de ---------, expresamente habilitado para este acto polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o -- de ----- de 20--.*
*Ambas as dúas partes recoñécense, na representación que teñen, capacidade bastante para asinar o presente CONVENIO DE ADHESIÓN AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, e para obrigar nos seus termos á persoa xurídica que representan.*
*En virtude diso,*
*EXPOÑEN*
*Primeiro: Que a Deputación Provincial da Coruña por acordo do Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación coa fin de dar servizo ás entidades locais da provincia e entes instrumentais delas dependentes e, no seu caso, aos diferentes departamentos e servizos da Deputación provincial e os seus entes instrumentais.*
*Segundo: Que coa creación da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, preténdese lograr as condicións económicas máis vantaxosas e a consecuente redución do gasto público dos entes adheridos ao sistema de contratación centralizada que se articula e, ao tempo, simplificar a tramitación administrativa na adquisición de bens e servizos, potenciando, á vez, a transparencia e seguridade na contratación. Trátase de facilitarlles ás entidades locais da provincia e os seus entes instrumentais, a adquisición de bens e tramitación da contratación dos servizos que lles sexan necesarios, articulando un sistema áxil, que permita a minoración de tempos de adquisición e simplifique a súa tramitación, dando así cumprimento á obrigación de colaboración da institución provincial cos entes locais do seu territorio.*
*Terceiro: Que o Concello de ------- por acordo do Pleno da Corporación municipal do -- de ----- de 20-- acordou a adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña..*
*En consecuencia, as persoas que rubrican acordan asinar o presente CONVENIO DE ADHESIÓN conforme as seguintes cláusulas:*
*PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

*O obxecto do presente CONVENIO é a adhesión do Concello de ------- á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, polo que poderá, por tanto, efectuar as subministracións de bens e contratación de obras ou servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, nas condicións e prezos vixentes nos contratos subscritos por esta, coas empresas adxudicatarias no momento da adquisición dos bens ou contratación dos servizos.*

*Esta adhesión non supón a obrigación de efectuar todas as contratacións ou servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, polo que o Concello de ------- poderá optar por utilizar este sistema ou calquera outro establecido na lexislación de contratación pública.*

*Non obstante a adhesión individualizada aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións polo Concello de ------- sí terá carácter obrigatorio e non poderán, en consecuencia, efectuar contratacións relativas ao obxecto dos citados acordos marco ou contratos á marxe destes.*

*SEGUNDA.- OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA*

*A Central de Contratación informará ás entidades locais dos correspondentes acordos marco, contratos ou outras licitacións que celebre, e solicitaralles a adhesión individualizada a cada un deles, que será voluntaria para as ditas entidades.*

*A Central de Contratación informará as condicións dos acordos marco, contratos e outras licitacións, tales como empresa ou empresas adxudicatarias, prezo ofertado, prazos de entrega e en xeral calquera aspecto relevante, así como todas as modificacións que poidan ter durante a súa vixencia.*

*Tamén se obriga á publicación dos acordos marco, contratos e outras licitacións na páxina web da Central de Contratación.*

*Tramitación dos pedidos de subministración ou de prestacións de servizo efectuadas polas distintas entidades locais.*

*Adoptar as medidas oportunas en caso de incumprimento total ou parcial por parte das empresas adxudicatarias, mesmo tramitar expedientes de imposición de penalidades ou de resolución de contratos.*

*TERCEIRA.- OBRIGACIÓNS DA ENTIDADE LOCAL*

*Son obrigacións do Concello de --------- as seguintes:*

*1.- Indicar os cargos que, en virtude das súas competencias en materia de contratación e aprobación do gasto, deben subscribir as peticións de subministracións ou prestacións de servizos, para que poidan ser tramitadas pola Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, especificando, igualmente, ademais das circunstancias de denominación da entidade, dirección, teléfono, fax e persoa responsable e o correo electrónico de contacto.*

*2.- Formular as peticións de subministración de bens ou de prestación de servizos, no modelo que aprobará por resolución a tal fin, a Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, logo da autorización previa e disposición do gasto.*

*3.- Pór en coñecemento da Central de Contratación, as demoras nos prazos de entrega, defectos nos bens fornecidos ou na prestación de servizos, ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co obxecto do contrato, para a adopción das medidas oportunas pola Central de Contratación.*

*4.- Efectuar a recepción dos bens fornecidos e dos servizos prestados, os cales deberán coincidir coas características e prezos cos que figuran na correspondente petición, así como o aboamento do prezo e, eventualmente, dos xuros de mora e das posibles revisións, que se fará efectivo conforme as previsións establecidas no artigo 198 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).*

*CUARTA.- VIXENCIA DO PRESENTE CONVENIO*

*O período de vixencia do presente CONVENIO será de catro anos contados desde o día seguinte ao da súa formalización, e poderase prorrogar automaticamente por igual período de tempo, se non existise denuncia deste por algunha das partes, logo da comunicación previa á outra con polo menos tres meses de antelación.*

*QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS*

*Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das condicións por algunha delas.*

*Non obstante o anterior, as partes poderán denunciar en calquera momento o acordo de adhesión logo da comunicación previa efectuada, polo menos, con tres meses de antelación.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

*Nos supostos de resolución, incluída a expiración por denuncia, os efectos da extinción quedarán en suspenso ata que teña lugar a recepción e total aboamento das subministracións ou servizos solicitados pola Central de Contratación da Deputación da Coruña a instancia do Concello de -------.*
*SEXTA.- RESOLUCIÓN DE LITIXIOS*
*As cuestións litixiosas que poidan xurdir respecto da aplicación, interpretación e cumprimento deste convenio serán competencia da orde xurisdicional contencioso-administrativo.*
*E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadriplicado, as persoas que interveñen, no lugar e data indicados no encabezamento.*

*O PRESIDENTE DA DEPUTACION* *O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE -------*

*Asdo: Valentín González Formoso* *Asdo: -----------*

*O SECRETARIO DA DEPUTACION*
*Asdo: José Luis Almau Supervía"*

Non habendo intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 11 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

**PRIMEIRO.-** Adherirse á Central de Contratación da Deputación provincial da Coruña

**SEGUNDO.-** Aprobar o convenio de adhesión que se transcribe a continuación do presente acordo (ANEXO).

**TERCEIRO.-** Remitir o presente acordo á Deputación provincial da Coruña para os efectos oportunos.

**CUARTO.-** Facultar ao sr. alcalde para que en nome e representación desta Corporación proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo, así como para a adhesión aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións que a central de contratación da Deputación Provincial da Coruña saque a licitación e sexan de interese para este Concello de Laxe.

**ANEXO**
**CONVENIO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE ---- AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**
A Coruña, a -- de -------- do 20--
**REUNIDOS:**
Dunha parte D. Valentín González Formoso, na súa calidade de presidente da Excma.Deputación Provincial da Coruña, que actúa en nome e representación desta en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e as facultades outorgadas pola Corporación provincial en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2014, asistido por D. José Luis Almau Supervía, o seu secretario xeral, en exercicio das funcións de fe pública administrativa que lle atribúe a lexislación vixente.
Doutra parte D. ---------, alcalde-presidente do Concello de ---------, expresamente habilitado para este acto polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o -- de ----- de 20--.
Ambas as dúas partes recoñécense, na representación que teñen, capacidade bastante para asinar o presente **CONVENIO DE ADHESIÓN AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**, e para obrigar nos seus termos á persoa xurídica que representan.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

En virtude diso,

**EXPOÑEN**

**Primeiro:** Que a Deputación Provincial da Coruña por acordo do Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación coa fin de dar servizo ás entidades locais da provincia e entes instrumentais delas dependentes e, no seu caso, aos diferentes departamentos e servizos da Deputación provincial e os seus entes instrumentais.

**Segundo:** Que coa creación da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, preténdese lograr as condicións económicas máis vantaxosas e a consecuente redución do gasto público dos entes adheridos ao sistema de contratación centralizada que se articula e, ao tempo, simplificar a tramitación administrativa na adquisición de bens e servizos, potenciando, á vez, a transparencia e seguridade na contratación. Trátase de facilitarlles ás entidades locais da provincia e os seus entes instrumentais, a adquisición de bens e tramitación da contratación dos servizos que lles sexan necesarios, articulando un sistema áxil, que permita a minoración de tempos de adquisición e simplifique a súa tramitación, dando así cumprimento á obrigación de colaboración da institución provincial cos entes locais do seu territorio.

**Terceiro:** Que o Concello de ------- por acordo do Pleno da Corporación municipal do -- de ----- de 20-- acordou a adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña..

En consecuencia, as persoas que rubrican acordan asinar o **presente CONVENIO DE ADHESIÓN** conforme as seguintes cláusulas:

**PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO**

O obxecto do presente CONVENIO é a adhesión do Concello de ------- á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, polo que poderá, por tanto, efectuar as subministracións de bens e contratación de obras ou servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, nas condicións e prezos vixentes nos contratos subscritos por esta, coas empresas adxudicatarias no momento da adquisición dos bens ou contratación dos servizos.

Esta adhesión non supón a obrigación de efectuar todas as contratacións ou servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, polo que o Concello de ------- poderá optar por utilizar este sistema ou calquera outro establecido na lexislación de contratación pública.

Non obstante a adhesión individualizada aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións polo Concello de ------- sí terá carácter obrigatorio e non poderán, en consecuencia, efectuar contratacións relativas ao obxecto dos citados acordos marco ou contratos á marxe destes.

**SEGUNDA.- OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

A Central de Contratación informará ás entidades locais dos correspondentes acordos marco, contratos ou outras licitacións que celebre, e solicitaralles a adhesión individualizada a cada un deles, que será voluntaria para as ditas entidades.

A Central de Contratación informará as condicións dos acordos marco, contratos e outras licitacións, tales como empresa ou empresas adxudicatarias, prezo ofertado, prazos de entrega e en xeral calquera aspecto relevante, así como todas as modificacións que poidan ter durante a súa vixencia.

Tamén se obriga á publicación dos acordos marco, contratos e outras licitacións na páxina web da Central de Contratación.

Tramitación dos pedidos de subministración ou de prestacións de servizo efectuadas polas distintas entidades locais.

Adoptar as medidas oportunas en caso de incumprimento total ou parcial por parte das empresas adxudicatarias, mesmo tramitar expedientes de imposición de penalidades ou de resolución de contratos.

**TERCEIRA.- OBRIGACIÓNS DA ENTIDADE LOCAL**

Son obrigacións do Concello de --------- as seguintes:

**1.-** Indicar os cargos que, en virtude das súas competencias en materia de contratación e aprobación do gasto, deben subscribir as peticións de subministracións ou prestacións de servizos, para que poidan ser tramitadas pola Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, especificando, igualmente, ademais das circunstancias de denominación da entidade, dirección, teléfono, fax e persoa responsable e o correo electrónico de contacto.

**2.-** Formular as peticións de subministración de bens ou de prestación de servizos, no modelo que aprobará por resolución a tal fin, a Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, logo da autorización previa e disposición do gasto.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

**3.-** Pór en coñecemento da Central de Contratación, as demoras nos prazos de entrega, defectos nos bens fornecidos ou na prestación de servizos, ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co obxecto do contrato, para a adopción das medidas oportunas pola Central de Contratación.

**4.-** Efectuar a recepción dos bens fornecidos e dos servizos prestados, os cales deberán coincidir coas características e prezos cos que figuran na correspondente petición, así como o aboamento do prezo e, eventualmente, dos xuros de mora e das posibles revisións, que se fará efectivo conforme as previsións establecidas no artigo 198 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

**CUARTA.- VIXENCIA DO PRESENTE CONVENIO**

O período de vixencia do presente CONVENIO será de catro anos contados desde o día seguinte ao da súa formalización, e poderase prorrogar automaticamente por igual período de tempo, se non existise denuncia deste por algunha das partes, logo da comunicación previa á outra con polo menos tres meses de antelación.

**QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS**

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das condicións por algunha delas.

Non obstante o anterior, as partes poderán denunciar en calquera momento o acordo de adhesión logo da comunicación previa efectuada, polo menos, con tres meses de antelación.

Nos supostos de resolución, incluída a expiración por denuncia, os efectos da extinción quedarán en suspenso ata que teña lugar a recepción e total aboamento das subministracións ou servizos solicitados pola Central de Contratación da Deputación da Coruña a instancia do Concello de -------.

**SEXTA.- RESOLUCIÓN DE LITIXIOS**

As cuestións litixiosas que poidan xurdir respecto da aplicación, interpretación e cumprimento deste convenio serán competencia da orde xurisdicional contencioso-administrativo.

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadriplicado, as persoas que interveñen, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACION | O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE -------

Asdo: Valentín González Formoso | Asdo: -----------

O SECRETARIO DA DEPUTACION
Asdo: José Luis Almau Supervía

**6.- APROBACIÓN DA FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DESTE CONCELLO DE LAXE PARA 2027. EXPTE. NÚM. 2026/X998/000169.**

Dase conta da seguinte proposta:

*“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN*
*Expediente núm. 2026/X998/000169*
*Vista a comunicación do Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social sobre o calendario laboral do ano 2027,*
*Co obxecto de determinar os dous días de festas locais con carácter retribuído e non recuperable, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e tendo en conta as festas laborais na Comunidade Autónoma de Galicia e as festas de ámbito estatal que se prevén para o ano 2027.*
*Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*
*Primeiro: Propoñer como festivos de carácter retribuído e non recuperable para o vindeiro ano 2027 as seguintes datas:*
*LUNS 16 DE AGOSTO DE 2027 (Día de San Roque)*
*MARTES 17 DE AGOSTO DE 2027 (Día do Carme)*
*Segundo.- Remitir certificación deste acordo ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para ter en conta no calendario laboral do ano 2027.”*

Non habendo intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**CIF: P1504100G**
**DIR3: L01150406**

**VOTOS A FAVOR:** 11 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

**Primeiro**: Propoñer como festivos de carácter retribuído e non recuperable para o vindeiro ano 2027 as seguintes datas:

**LUNS 16 DE AGOSTO DE 2027 (Día de San Roque)**
**MARTES 17 DE AGOSTO DE 2027 (Día do Carme)**

**Segundo.-** Remitir certificación deste acordo ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para ter en conta no calendario laboral do ano 2027.

**7.- APROBACIÓN DA CORRECCIÓN DE NÚMEROS DE POLICÍA EN SARCES. EXPTE. NÚM. 2026/X998/000171**

Dase conta da segunte proposta:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA*
*Expte. núm. 2026/X998/000171*
*asunto: revisión e corrección números de policía*
*Logo de ver o informe da Policía Local deste concello en canto á necesidade de aclarar a numeración de dous inmobles co número 25 no lugar da Torre – Sarces, Laxe.*
*PROPOÑO ó Pleno da Corporación á aprobación da seguinte numeración:*

| *Núm. Policía* | *Inmoble de/propiedade de:* | *Ref. Catastral* |
|---|---|---|
| *25* | *E.P.L. e B.V.R.* | *000503000MH98B0001IL* |
| *36* | *M.P.P.A.* | *15041A502002110000DK"* |

Non habendo intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 11 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

Aprobar a seguinte numeración no lugar da Torre – Sarces, Laxe:

| **Núm. Policía** | **Inmoble de/propiedade de:** | **Ref. Catastral** |
|---|---|---|
| 25 | E.P.L. e B.V.R. | 000503000MH98B0001IL |
| 36 | M.P.P.A. | 15041A502002110000DK |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

**8.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 482/2026, DO 09/07/2026 EN CANTO Á DECLARACIÓN DE SINGULARIDADE E ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O "ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL ENTRE DP-4001 AO CAMPO DA TORRE, NO CONCELLO DE LAXE". EXPTE. NÚM. 2026/A007/000003.**

Dase conta da segunte proposta:

*"Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 482/2026, do 09/07/2026, en canto á declaración de singularidade e acordo de solicitude de subvención nominativa á Deputación Provincial da Coruña para o "Acondicionamento de senda peonil entre DP-4001 ao Campo da Torre, no Concello de Laxe".*

Non habendo intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 11 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda ratificada a mencionada Resolución da Alcaldía núm. 482/2026, do 09/07/2026.

## B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

**9. MOCIÓNS GRUPOS MUNICIPAIS:**

**9.1. Moción que presenta a BNG para esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a gratuidade da autovía AG-55. Expte. Núm. 2026/G006/000014.**

Dase conta da seguinte moción:

*"MOCIÓN PARA EXIXIR AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A GRATUIDADE DA AUTOVÍA AG-55*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A autoestrada de peaxe Carballo-A Coruña (AG-55), a primeira integramente galega, construíuse en dúas fases a principios dos anos 90: o tramo entre A Coruña e A Laracha inaugurouse o 26 de setembro de 1993, e a segunda fase ata Carballo completouse o 30 de decembro de 1997, inagurándose nun acto sorpresa, de noite e acompañados de antidisturbios e dun cordón policial, impedindo o achegamento dos veciños e veciñas da Plataforma pola Autovía Gratuita, conformada por entidades políticas e sociais diversas da comarca.*

*A Xunta de Galicia é titular da autovía A Coruña-Carballo (AG-55), cuxa concesión administrativa para a construción, conservación e explotación foi adxudicada por un tempo de 50 anos a Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A., en virtude do Decreto 23/1995, de 20 de xaneiro e que finalizará no ano 2045.*

*A súa prolongación ata a zona sur da Costa da Morte, aínda hoxe non é unha realidade, a pesar da súa xa executada licitación, posto que será un corredor dun carril en cada sentido e iso nunca é unha autovía, pois esa zona leva demasiados anos esperando a que as administracións executen e rematen unha autovía prometida en innumerabeis ocasións, en cada unha das eleccións que se sucederon dende o ano 2003, data na que se anunciou a súa construción no famoso Plan Galicia, como compensación á comarca pola desastrosa xestión medioambiental dos gobernos na catástrofe do Prestige.*

*Despois de varias licitacións fallidas, no ano 2011 a obra da autovía Carballo-Berdoias, de 42 Kms de lonxitude, fora adxudicada a unha UTE formada por Copasa, Taboada y Ramos, Covsa e CRC, máis un novo revés fixo que a Xunta de Galicia perdonara á concesionaria a execución do último tramo de 15 quilómetros entre Baio e Berdoias (un 35% do traxecto), a cambio de aforrar o 17% do custe total do contrato, polo que foi un mal negocio para os intereses da comarca. Dende 2016, a Xunta*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

*paga á concesionaria un canon de 23 millones de euros anuais que se incrementan progresivamente, ata completar un gasto total de 630 millones entre a inauguración da autovía e o fin da concesión no ano 2038. A consecuencia foi que a Costa da Morte quedou sen autovía no tramo Baio-Berdoias, e por enriba agora o reconvirten nun corredor cunha soa vía por sentido, e seguimos sen termos rematada a conexión da autovía ata Cee e ao porto de Brens, tal e como estaba planificado no plan MOVE (Plan de Mobilidade e Ordenación viaria Estratéxica 2009-2015) aprobado pola propia Xunta no ano 2010.*

*No consello da Xunta de Galicia celebrado o 10 de outubro de 2024 aprobouse o rescate da concesión de catro autoestradas no noso país a través dun investimento de 297 millóns de euros: a do Salnés, a do Barbanza, a Ourense-Celanova e a Santiago-Brión, eliminando así as peaxes na sombra que se viñan pagando anualmente. Dicía daquela o presidente da Xunta e do PP de Galicia o Sr. Rueda sobre a operación que "permitirá un aforro de máis de 30 millóns de euros ao ano para as arcas públicas galegas". Sen embargo non houbo sorte para nós, as concesións na AG-55 non se rescataron, non entraron nos plans de aforro do goberno galego do Partido Popular.*

*Os veciños e veciñas da Costa da Morte seguimos a costear unha infraestructura estratéxica cun réxime de concesión que a Xunta se resiste a rescatar, seguimos pagando peaxes por usar unha autovía fundamental para a comunicación da comarca coa cidade da Coruña e dos polígonos industriais co porto exterior de Punta Langosteira. No noso caso non rescata a concesión, porque a Xunta nada ten que aforrar ás arcas públicas, porque somos nós os que pagamos directamente o seu custe, sostendo un negocio que segue a ser moi rentable para a empresa e que ao que lle quedan 19 anos máis de ganancias. As tarifas soben cada ano co beneplácito da Xunta, e xa son 2,60 € o que vale ir hoxe de Carballo a Coruña, 1,35 ir de Paiosaco a Carballo, 1,30 de Arteixo á Laracha, ou 0,85 de Laracha a Carballo. A Xunta de Galicia presume de aplicar bonificacións nas peaxes, mais non son suficientes para compensar a débeda histórica que teñen coas nosas comarcas, pola falla de investimentos para desenvolver tanto a economía como o noso benestar durante décadas, e por seguir a tratarnos sempre de últimos para todo, en termos comparativos.*

*A todo isto, hai que sumarlle que este tramo Carballo-Coruña nos seus 32 quilómetros conta con 51 curvas, algunhas delas moi perigosas e cun bo palmarés de accidentes. Esta autovía está repleta de rebacheos, tramos en mal estado de conservación e ten ducias de puntos onde se concentran balsas de auga os días que chove, e que provocan "aquaplaning", perdendo os vehículos adherencia e o control do mesmo. Temos unha autovía que aos ollos de calquera usuario non reúne as condicións mínimas de conservación e seguridade, alomenos os días chuviosos de inverno, polo que xa só por esto último non debera cobrarse unha peaxe.*

*Todas estas incomodidades véñenas sufrindo os veciños e veciñas de Laxe cada vez que teñen que desprazarse a calquera vila que vertebra dita autoestrada.*

*Os concellos da Costa da Morte e Bergantiños, non podemos permanecer inmóbeis e mirar para outro lado como se nada ocorrese, e menos cando se trata dunha infraestructura fundamental e vital para o desenvolvemento económico, para as comunicacións e para o transporte de viaxeiros e mercadorías, necesaria tanto para conectar os parques empresarias co porto exterior e a cidade e así facelos máis atractivos e competitivos, como para facer máis segura as estradas nos desprazamentos particulares da veciñanza.*

*Levamos 30 anos de abuso pagando unha peaxe que nunca debera poñerse, porque prometeran que sería gratuíta.*

*Levamos 30 anos de aldraxe sufragando unha obra que necesitabamos, mereciamos, e reclamamos pero que nola fan pagar directamente a nós.*

*Por todo o exposto, os concelleiros e concelleiras que conforman o pleno da corporación municipal de Laxe*

*ACORDAN:*

*PUNTO ÚNICO- Demandar á Xunta de Galicia a eliminación das peaxes e a instauración da gratuidade plena na autovía AG-55"*

Intervén o concelleiro do BNG, don Xosé Manuel Pose Lema facendo unha breve explicación da moción e indicando que que debido á premura da convocatoria do Pleno anterior non puideron rexistrar esta moción con anterioriedade.

Tras breves intervencións os Grupos municipais manifèstanse a favor da proposta formulada e sometido o votación, obtívose o seguinte resultado:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es



**VOTOS A FAVOR:** 11 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda aprobada a presente moción.

**9.2. Moción que presenta o BNG para o rexeitamento da reapertura da Mina Don Sebastián en Coéns, Concello de Laxe. Expte. Núm. 2026/G006/000014.**
Dase conta da seguinte moción:

*"MOCIÓN PARA O REXEITAMENTO DA REAPERTURA DA MINA DON SEBASTIÁN EN COÉNS, CONCELLO DE LAXE*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Os veciños e veciñas dos lugares de Coéns, Gundar e Aprazadoiro, Matío e A Torre, constituídos hoxe en Plataforma Contra a Mina de Coéns, están preocupados pola absoluta falla de información sobre a concesión para o proxecto mineiro de extracción de caolín e mica derivado do permiso de investigación mineira "Don Sebastián" número 7147 e a posible reapertura da mina, demandando a protección do seu entorno, dos seus sistemas produtivos e da súa calidade de vida..*

*Segundo a información que aparece no catastro mineiro, existen dúas cuadrículas que demarcan as zonas permitidas para realizar actividades de investigacións mineiras nos concellos de Laxe, Cabana e Zas, o permiso "D. Sebastián" con Nº Rexistro: AC/C/07147 para extracción de caolín e mica en Coéns e a de "Jorge Reyes" con Nº Rexistro: AC/C/07148 para extracción de caolín, os dous solicitados por Caolines de Vimianzo SAU (CAVISA) e con prazos xa vencidos.*

*Despois de realizar a campaña de sondeos no dereito mineiro "D. Sebastián" parece que a mesma empresa iniciou os trámites de autorización do proxecto de extracción de caolín e mica, para o que era preciso sometelo a avaliación ambiental estratéxica. A única información que teñen os veciños e as veciñas é que foi presentado un estudo de impacto ambiental simplificado na Xunta de Galiza para superar este trámite cuxo código do expediente parece ser o 2023/0115.*

*Ante as preocupacións veciñais e a incerteza e o escurantismo co que se tramita este proxecto mineiro na administración galega, é necesario poñer luz e taquígrafos e solicitarlle ao goberno toda a información e total transparencia nesta concesión.*

*Porén, a explotación destes proxectos repercutiría directamente na calidade de vida da veciñanza. As parroquias de Nande e Sarces no concello de Laxe, constitúen un enclave de alto valor ambiental, paisaxístico e social, no que se desenvolven actividades económicas vinculadas ao sector primario e ao turístico. O proxecto de reapertura da mina Don Sebastián de Coéns ten como obxectivo a extracción de caolín, un mineral empregado na industria, pero cuxa explotación a ceo aberto implica impactos significativos sobre o territorio e a poboación, non se trata da construción "de una carreterita a un pueblo" como dixo despectivamente e cunha falta de respecto alarmante cara a veciñanza implicada a directora de Cavisa.*

*Entre os principales riscos asociados a esta actividade cómpre salientar:*

*- A xeración de grandes cantidades de po en suspensión derivado da extracción e tratamento do caolín, o que supón un risco para a saúde da veciñanza. A exposición continuada a partículas finas está relacionada con problemas respiratorios, enfermedades pulmonares e outros efectos adversos para a saúde, especialmente en persoas maiores, nenos e nenas e colectivos vulnerables.*

*Segundo a información dispoñible, as zonas de operación situaríanse a escasos 20 metros de casas habitadas, unha distancia claramente insuficiente para garantir condición de seguridade e benestar.*

*- A utilización de explosivos perto das vivendas pode ter consecuencias moi graves, tanto estruturais para as vivendas e os elementos patrimoniais protexidos como para a seguridade das persoas, ocasionando:*

o *Danos estructurais en vivendas, como fendas en paredes, teitos e cimentación.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

o *Proxección de fragmentos expulsados polas explosións.*
o *Rotura de cristais.*
o *Vibracións do terreo.*
o *Danos en tubaxes de auga ou liñas eléctricas.*
*- O impacto ambiental sobre o solo, as augas e a biodiversidade, derivado dunha actividade intensiva e a ceo aberto.*
*- A desaparición da Lagoa da mina de Coéns, unha lagoa hoxe xa naturalizada. Onde se alteraría o ecosistema de todas as aves que agora alí aniñan.*
*- O escaso retorno económico e social do proxecto, que apenas prevé a creación de arredor de tres postos de traballo, unha cifra claramente desproporcionada en relación cos impactos negativos que xeraría sobre o territorio e outras actividades económicas xa existentes.*
*Cómpre subliñar que este tipo de iniciativas entran en contradición cos principios de desenvolvemento sostible, equilibrio territorial e protección da saúde pública que deben orientar a acción das administracións.*
*Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG de Laxe propon ao pleno da Corporación Municipal de Laxe a adopción dos seguintes*
*ACORDOS:*
*1) Manifestar o rexeitamento firme do pleno desta corporación municipal á reapertura da mina de Coéns, tendo en conta os seus impactos ambientais, sociais e sobre todo de saúde pública.*
*2) Instar á Xunta de Galicia a denegar calquera autorización administrativa para a explotación mineira de caolín nesta zona.*
*3) Defender o dereito da veciñanza a vivir nun entorno saudable e seguro, afastado de actividades potencialmente perigosas cando estas se sitúan a escasa distancia das vivendas.*
*4) Apoiar as demandas da Plataforma Contra a Mina de Coéns na defensa do seu territorio, dos seus sistemas produtivos e dun modelo de desenvolvemento sostible que promova alternativas económicas viables que xeren emprego de calidade sen comprometer o medio ambiente nin a saúde das persoas.*
*5) Dar traslado desde acordo á Xunta de Galicia e á Plataforma Contra a Mina de Coéns."*

A concelleira do BNG, dona María Cristina Vázquez del Prisco explica que presentan a proposta xa que pese a que a Xunta denega a explotación cren que é importante un rexeitamento en firme á reapertura da mina, xa que non é definitivo e os veciños non están tranquilos.
O concelleiro do Grupo Mixto e representante do PsdeG-PSOE, don Francisco José Vidal Castro manifestase dacordo coa proposta e indica que o seu grupo tamén presentou no Parlamento unha iniciativa, ao tempo que destaca que o mérito é das platafomras e dos veciños.
Don Fernando del Moral Regaldíe, concelleiro non adscrito non ten nada que engadir.
O sr. alcalde explica o traballo feito polo concello, que atendeu os veciños, trasladando á Dirección Xeral de Minas as inquedanzas dos veciños sinalando que o recurso presentado polos tres concellos, saiu do Concello de Laxe tanto da asesoría xurídica como da arquitecta de Laxe.
Dona Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG reitera o motivo da presentación da moción.
O sr. alcalde respeta a opinión de todo o mundo.

Non habendo mais intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 11 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda aprobada a presente moción.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

**9.3. Moción que presenta o BNG en canto á instalación de puntos de carga para vehículos eléctricos no municipio. Expte. Núm. 2026/G006/000019.**

Dase conta da seguinte moción:

*"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE LAXE PARA A INSTALACIÓN DE PUNTOS DE CARGA PARA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS NO MUNICIPIO*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A mobilidade sostible constitúe un dos grandes retos das administracións públicas na actualidade, tanto desde o punto de vista ambiental como da adaptación ás novas necesidades da veciñanza. Cada vez son máis as persoas particulares, autónomos e profesionais que apostan por vehículos eléctricos ou híbridos como alternativa menos contaminante e máis eficiente.*

*Neste contexto, resulta necesario que o Concello de Laxe avance na dotación de infraestruturas públicas que faciliten este cambio de modelo de mobilidade, garantindo servizos básicos adaptados ás demandas actuais e futuras da cidadanía.*

*Ademais, outros concellos da contorna xa contan con puntos de carga eléctrica públicos, polo que Laxe non debe quedar atrás no proceso de modernización e adaptación ás novas formas de transporte sostible.*

*A instalación de puntos de carga no municipio suporía tamén un incentivo para visitantes e persoas usuarias deste tipo de vehículos, contribuíndo á mellora da imaxe do concello e á aposta por políticas ambientais responsables.*

*Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG de Laxe presenta ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes*

*ACORDOS:*

*Instar ao Goberno municipal a estudar a habilitación de, cando menos, dous puntos de carga para vehículos eléctricos no municipio de Laxe.*

*- Avaliar as localizacións máis axeitadas para a súa instalación, tendo en conta criterios de accesibilidade, utilidade pública e cobertura territorial.*

*- Solicitar información e explorar posibles vías de financiamento e colaboración con outras administracións públicas para a execución desta actuación, incluíndo a posibilidade de incorporar esta iniciativa ao POS da Deputación da Coruña.*

*- Incorporar a creación deste tipo de infraestruturas dentro da planificación municipal de mobilidade sostible e transición ecolóxica."*

O concelleiro do BNG, don Xosé Manuel Pose Lema explica a proposta.

Tanto o concelleiro do Grupo Mixto e representante do PsdeG-PSOE, don Francisco José Vidal Castro, como o concelleiro non adscrito, don Fernando del Moral Regaldíe manifestan que non teñen nada que obxetar.

O sr. alcalde explica o traballo realizado polo concello neste sentido, ao tempo que indica que está á espera dunha liña de axudas do Estado para realizar o proxecto.

Non habendo mais intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 [(3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]

**VOTOS EN CONTRA:** 6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo)

**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda rexeitada a presente moción.

**9.4. Moción que presenta o concelleiro non adscrito, don Fernando del Moral Regaldíe relativa ao reforzo dos dereitos das persoas dependentes e o apoio as persoas**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es



**coidadoras principais, reivindicacións da plataforma estatal de coidadoras principais. Expte. Núm. 2026/G006/000022.**

Dase conta da seguinte moción:

*"MOCIÓN RELATIVA AO REFORZO DOS DEREITOS DAS PERSOAS DEPENDENTES E O APOIO AS PERSOAS COIDADORAS PRINCIPAIS , REIVINDICACIÓNS DA PLATAFORMA ESTATAL DE COIDADORAS PRINCIPAIS*

*que presenta o concelleiro non adscrito de Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 30 de xullo de 2026.*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Desde hai máis de dous anos, o Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, traballou para reformar a Lei de Promoción da Autonomía persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia.*

*Durante este tempo, a Plataforma Estatal de Coidadoras Principais, así como outras asociacións e colectivos que desenvolven a súa actividade neste ámbito, participaron na elaboración de propostas e emendas que recollan as súas reivindicacións para mellorar así este texto legal.*

*As súas demandas son exemplo de xustiza social e supoñen a conquista duns dereitos esenciais para a mellora non só das persoas dependentes, senón tamén das persoas que teñen que coidalas e atendelas.*

*Algunhas das súas peticións inclúen que a prestación económica de coidados na contorna familiar(PECEF), sexa equivalente ao Salario Mínimo Interprofesional para o grao III, do 70% para grao II e do 40% para grao I respectivamente, alén da súa compatibilidade con outras axudas económicas e servizos públicos desenvolvidos polas administracións competentes na materia, algo que xa está implementado noutras comunidades autónomas.*

*Igualmente importante é que as administracións competentes garantan os coidados da persoa dependente por parte doutro coidador ou coidadora ou unha praza temporal nun centro, se a coidadora principal atópase nunha situación de enfermidade grave ou hospitalización. Así mesmo, ao falecer a persoa en situación de dependencia, a coidadora principal disporá da prestación económica durante un ano, prestándolle acompañamento psicolóxico e apoio para a súa inserción laboral.*

*O coidado das persoas en situación de dependencia constitúe unha das maiores responsabilidades sociais e familiares da nosa sociedade. Detrás de cada persoa dependente existe, na maioría dos casos, unha rede de coidados sostida fundamentalmente por familiares e, especialmente, por mulleres que dedican a súa vida para garantir a atención, o benestar e a dignidade dos seus seres queridos.*

*Con todo, a realidade diaria de moitas familias evidencia importantes carencias institucionais, falta de recursos públicos suficientes, burocracia excesiva e unha insuficiente protección de quen sostén eses coidados. Moitas coidadoras principais deben renunciar á súa vida laboral, asumir elevados custos económicos e afrontar situacións de esgotamento físico e emocional sen o apoio necesario.*

*As recentes propostas e emendas impulsadas pola Plataforma Estatal de Coidadoras Principais poñen de manifesto a necesidade urxente de avanzar cara a un modelo máis humano, coordinado e garantista, que recoñeza a importancia dos coidados e dignifique o labor das persoas coidadoras principais. Porque coidar non pode significar precariedade, illamento nin abandono institucional.*

*Resulta imprescindible reforzar a compatibilidade entre prestacións e servizos, mellorar a coordinación administrativa, ampliar a rede pública de recursos especializados e garantir mecanismos de apoio cando as persoas coidadoras non poidan asumir temporalmente esa atención por enfermidade ou circunstancias sobrevindas.*

*Así mesmo, é necesario avanzar en políticas públicas que faciliten o acceso a terapias, rehabilitación, lecer adaptado e recursos específicos para persoas con gran dependencia, especialmente menores de 65 anos, así como recoñecer social e institucionalmente a figura da persoa coidadora principal, dotando ás coidadoras principais de dereitos laborais, salario e cotización dignas, para evitar o desamparo e precariedade de quen sostén a vida .*

*Por todo iso, e entendendo que unha sociedade digna mídese tamén por como coida a quen máis o necesitan e a quen dedica a súa vida para coidar, o Grupo do Concello presenta para o seu debate e aprobación ante o Pleno dos seguintes:*

*ACORDOS*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

*PRIMEIRO. - Instar o goberno da Xunta de Galicia, á Deputación da Coruña e ao Gobierno de España a reforzar as políticas públicas de apoio ás persoas en situación de dependencia e ás persoas coidadoras principais.*
*SEGUNDO. - Instar as administracións competentes a garantir a compatibilidade entre a prestación económica por coidados na contorna familiar(PECEF) e recursos como centros de día, axuda a domicilio, asistencia persoal ou outros servizos complementarios.*
*TERCEIRO. - Solicitar a creación de protocolos específicos de emerxencia e substitución temporal de coidados cando a persoa coidadora principal enferme, sexa hospitalizada ou non poida asumir temporalmente a atención da persoa dependente.*
*CUARTO. - Instar á creación dun portelo único sociosanitario e administrativa que simplifique os trámites vinculados a dependencia, discapacidade, sanidade e prestacións asociadas.*
*QUINTO. - Reclamar o reforzo da rede pública de prazas e recursos específicos para persoas con gran dependencia, especialmente menores de 65 anos, mediante centros de día, residencias especializadas, pisos tutelados e recursos de respiro familiar.*
*SEXTO. - Promover medidas de recoñecemento institucional (salario e cotización dignas), medidas de conciliación laboral e familiar , formación, apoio psicolóxico e acompañamento para as persoas coidadoras principais.*
*SÉTIMO. - Impulsar liñas de apoio destinadas a terapias, rehabilitación, fisioterapia, logopedia, lecer adaptado e deporte inclusivo para persoas dependentes e as súas familias.*
*OITAVO. - Dar traslado dos presentes acordos ao parlamento da Comunidade Autónoma, Deputacións , ao Gobierno de España, á Federación Española de Municipios e Provincias e ás entidades e asociacións vinculadas ao ámbito da dependencia e os coidados.”*

O concelleiro non adscrito, don Fernando del Moral Regaldíe explica os motivos polos que presenta a moción.
Tras breves intervencións os Grupos municipais manifféstanse a favor da proposta formulada e sometido a votación, obtense o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 11 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda aprobada a presente moción.

**9.5. Moción que presenta o concelleiro non adscrito, don Fernando del Moral Regaldíe para o incremento do arborado municipal. Expte. Núm. 2026/G006/000022.**
Dase conta da seguinte moción:

*“MOCIÓN PARA O INCREMENTO DO ARBORADO MUNICIPAL*
*que presenta o concelleiro non adscrito de Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 30 de xullo de 2026.*
*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*
*Considerando a importancia do arborado para a saúde ambiental e benestar da nosa comunidade, así como para mellorar o urbanismo da vila de Laxe, no pleno ordinario de novembro de 2023 presentáramos a unha moción para ser debatida no pleno municipal. Como consta en acta do devandito pleno, a posición do equipo de goberno quedou reflectida da seguinte maneira:*
*O Alcalde manifesta que comparten a preocupación por o medio ambiente e o coidado, rexeneración e plantación da masa arbórea, pero que antes de adquirir algún compromiso e de comprometer fondos públicos nesta materia, debe realizarse un estudio das necesidades reales do Concello, o seu custo, e polo tanto o seu voto vai ser en contra polo momento.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: gUStk9pIqdH31bP60wJx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

